

Elaborado anualmente polo Institut Cerdà

## **A INICIATIVA "DIVERHORTALIZA" DE EROSKI ENTRE OS PROXECTOS DE INNOVACIÓN MÁIS DESTACADOS NO OBSERVATORIO DE INNOVACIÓN DE GRAN CONSUMO 2020**

- O proxecto de EROSKI foi unha das vinte innovacións presentadas esta mañá no Salón de Actos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Innovación en Madrid
- O plan "Diverhortaliza" está cofinanciado polo Goberno Vasco e o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e participan o centro tecnolóxico NEIKER Tecnalia e diversas cooperativas de produtores locais
- A diversificación e o manexo sostible dos novos cultivos son os eixes principais desta iniciativa que culminará este ano

Elorrio, 18 de febreiro do 2020.- O [Observatorio de Innovación en Gran Consumo España 2020](#), elaborado anualmente polo Institut Cerdà, destacou o proxecto "Diverhortaliza" elaborado por [EROSKI](#) na presentación celebrada esta mañá no Salón de Actos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en Madrid. Na súa terceira edición, o Observatorio de Innovación presentou os novos retos e os vinte proxectos máis innovadores do sector, entre os que se atopa esta iniciativa de EROSKI, que en palabras da directora comercial de Produtos Locais de EROSKI, Asun Bastida, se trata dunha *"oportunidade de ocuparse da diversificación da produción de variedades locais mediante a cooperación e a investigación en rexións con contornos e condicións climáticas complexas como o País Vasco"*.

A iniciativa "Diverhortaliza" é un proxecto de cooperación con produtores do País Vasco que ten como obxectivo mellorar a rendibilidade das explotacións hortícolas de Euskadi a través da diversificación e do manexo sostible dos novos cultivos. O plan está cofinanciado polo Goberno Vasco e mais o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e participan como socios o centro tecnolóxico NEIKER Tecnalia e diversas cooperativas de produtores locais.

Nunha primeira fase, a iniciativa seleccionou os cultivos de maior interese comercial no País Vasco; posteriormente realizouse unha análise dos solos dos diferentes produtores participantes, e buscáronse as sementes e variedades máis axeitadas para as condicións destes cultivos. Actualmente estanse a realizar probas de campo, validando algúns produtos e variedades e descartando outras. A iniciativa

---

### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA**

#### **CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



remata no 2020 coa identificación das mellores variedades e formas de cultivo para producir porro, ceboliña, brócoli, berenxena e escarola, segundo apuntan os responsables do proxecto baseándose nos resultados dos estudos efectuados durante o 2019.

*"Trátase dun proxecto que procura a innovación dende distintas vertentes incorporando novos xeitos de organizar o traballo, a través de formas colaborativas con provedores e clientes, que dará lugar a novos medios de produción e servirá para introducir novos produtos no mercado",* sinala a directora comercial de Produtos Locais de EROSKI, Asun Bastida.

### **Apoio ao sector agroalimentario local**

O modelo 'contigo' polo que aposta a cooperativa nas súas tendas impulsa un tecido produtivo agroalimentario local altamente diversificado como elemento clave para a sustentabilidade do sector e a súa contribución á economía, á cultura e á paisaxe do contorno de preto das súas tendas. EROSKI comercializa máis de 2.000 produtos procedentes de máis de 300 pequenos produtores agroalimentarios do País Vasco, aos que lles realiza compras a través de acordos a medio-longo prazo que achegan estabilidade para un sector agroalimentario sostible e altamente diversificado. No conxunto de sectores económicos do País Vasco, EROSKI colabora con 1.900 provedores locais, aos que lles realiza unhas compras anuais superiores aos 650 millóns de euros.

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)